Das aulas á memoria popular: a literatura de tradición escrita como estratexia de ApS para a formación do profesorado de educación primaria

Estefanía Mosquera Castro
Pablo Cano López
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Contextualización

1.º curso do Grao en Educación Primaria

- Lingua galega e a súa didáctica (1.º cuadrimestre)
- Lingua castelá e a súa didáctica (2.º cuadrimestre)

COLECTIVOS IMPLICADOS

- **Persoas da terceira idade**
  - Carencias afectivas
  - Educación literaria elemental ou, ás veces, inexistente
  - Escasa familiaridade coa literatura escrita máis recente.
- **Alumnado do grao en Educación Primaria**
  - Hábito lector non sempre suficiente
  - Desorientación canto aos criterios de escolla de lecturas para os diferentes sectores do público (infancia, adolescencia, terceira idade…)
  - Dificultades na expresión oral, especialmente en lingua galega
  - Escasa familiaridade coas técnicas da lectura pública, a dramatización e a narración oral
- **Alumnado da etapa de Educación Primaria**

  En termos xerais, e coas necesarias cautelas, élle aplicable a caracterización precedente

Obxectivos do proxecto

canto ao alumnado do grao en Educación Primaria

- Perfeccionar a súa formación literaria, con especial atención ao coñecemento da literatura de tradición escrita
- Facilitar a súa formación en técnicas de lectura, narración e/ou dramatización específicas para o público infantil
- Consolidar as súas destrezas comunicativas orais (especialmente en galego)
- Ofrecer ao alumnado un primeiro contacto co seu futuro ámbito profesional.
- Deseñar e aplicar unha proposta didáctica para os nenos e nenas de Educación Primaria

Obxectivos do proxecto

canto aos/ás destinatarios/as do servizo

- Adquirir formación lingüística e literaria a través de propostas alternativas, lúdicas e dinámicas
- Adquirir o gusto pola literatura e pola escrita creativa
- Fomentar a interrelación social con persoas de diferentes grupos de idade e favorecer a retroalimentación entre elas

Das aulas á memoria popular

FASE 1

Lingua galega e a súa didáctica

Formación

O alumnado recibiu sesións teóricas sobre a literatura de tradición escrita e a educación literaria, e tivo a oportunidade de participar en obradoiros literarios a cargo de profesionais do teatro e a animación á lectura.

Das aulas á memoria popular

FASE 1

Lingua galega e a súa didáctica

Preparación

O alumnado realizou, baixo a supervisión do profesorado, a selección dos textos literarios e dos materiais que ían servir de base para as propostas de obradoiro.

Das aulas á memoria popular

FASE 3

Lingua galega e a súa didáctica

Posta en práctica

O alumnado acode a centros de día, residencias ou centros para a terceira idade, onde leva a cabo diferentes obradoiros literarios adaptados ás características do seu público

Das aulas á memoria popular

FASE 4

Lingua castelá e a súa didáctica

Adaptación e reforzo formativo

Brindáronse ao alumnado algunhas indicacións sobre vías de adaptación ás aulas de Primaria dos textos cos que traballara no primeiro cuadrimestre, con especial atención aos eixos temáticos e á posibilidade de vinculalos cos contidos «transversais» do currículo básico. Así mesmo, para perfeccionar a súa formación, ofrecéuselle unha revisión da bibliografía recente sobre as técnicas da dramatización, a narración oral e a lectura de contos escritos.



Das aulas á memoria popular

FASE 5

Lingua castelá e a súa didáctica

Posta en práctica

O alumnado acode a aulas de Primaria de varios centros da Coruña e da súa contorna, onde *reedita* —con todas as adaptacións necesarias— os obradoiros literarios que levara a cabo no primeiro cuadrimestre.



Das aulas á memoria popular

FASE 6

Lingua castelá e a súa didáctica

Avaliación e reflexión final

De volta na Facultade, houbo un tempo de reflexión no que, por unha banda, se trataron cuestións «técnicas» (fins e medios da educación literaria), e, pola outra, se abordaron varios problemas de índole «interpersoal» (diferenzas entre o público ancián e o infantil, comportamento dos nenos e nenas na aula, xeitos de interactuar cos docentes, etc.).

Resultados parciais e propostas de mellora

Cómpre ampliar as visitas aos centros de día do ámbito rural (máis usuarios galegofalantes).

A sensibilización do alumnado de grao coa realidade sociolingüística galega resultou positiva.

Creáronse vínculos entre os nosos alumnos e alumnas e os usuarios e usuarias dos centros (da terceira idade e de ensinanza). Os primeiros tomaron máis conciencia da súa responsabilidade social; os segundos descubriron que son «importantes» para a sociedade no seu conxunto, e non só para as persoas do seu círculo inmediato.

Boa acollida da proposta por parte dos centros educativos receptores

Conclusións

A Aps contribuíu a nivel curricular para

- Mellorar as competencias orais do alumnado de grao e perfeccionar a súa educación literaria.
- Iniciar o alumnado de grao nos temas e problemas da Didáctica da Lingua e a Literatura.
- Fomentar as relacións interxeracionais e favorecer a retroalimentación lingüística e cultural.
- Conectar aos alumnos coa súa futura práctica docente.